

2022-2023

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

Bibliotecas
escolares
de Galicia



IES RAMON OTERO PEDRAYO

(A CORUÑA)

TÁBOA DE CONTIDOS

1. ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES	2
2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO	2
3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL E DIXITAL	3
3.1. VOLUNTARIADO DA BIBLIOTECA ESCOLAR	4
3.1.1. Obxectivos	4
3.1.2. Tarefas dos voluntarios	4
3.1.3. Avaliación	5
4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO	5
4.1. REDES SOCIAIS: conta de Instagram (@iesoteroacorunabiblioteca)	5
4.2. CLUB DE LECTURA	5
4.3. ITINERARIOS LECTORES	5
5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.....	6
6. OUTRAS ACTUACIÓNS	6
7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	7
8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE-DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.....	7

1. ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES

A Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo está situada na planta baixa do instituto e ten accesibilidade para persoas con discapacidade. Durante os cursos anteriores, por mor da pandemia COVID19, os usos habituais da biblioteca víronse reducidos, cun aforo restrinxido, a supresión de certos espazos e xogos, e un programa de actividades limitado. Para o vindeiro curso contamos con recuperar toda a actividade previa á pandemia.

A superficie da Biblioteca é de 90 m² e este curso contamos con recuperar a disposición habitual, repartida en varias zonas. Unha delas é a de lectura informal e lecer, con sofás, cadeiras e mesas pequenas, na que temos diversos materiais (cómic, prensa, revistas, xogos de xadrez, etc.) e que pensamos completar con máis xogos que axuden a desenvolver as competencias do noso alumnado. Outra zona é de estudo e traballo, con mesas amplas para traballo en grupos e outras para estudo individual. Finalmente hai un espazo de consulta con 4 ordenadores con acceso a Internet. Ademais do ordenador principal (que é de uso exclusivo do profesorado do equipo de biblioteca), contamos con outro ordenador no que temos instalado o sistema de auto empréstimo e que é xestionado polo equipo de alumnado voluntario da biblioteca. Normalmente realizamos os préstamos e devolucións dos libros a través deste sistema.

Nestes últimos anos tentamos converter a biblioteca nun lugar agradable e atractivo, nun espazo onde levar a cabo diferentes tipos de actividades culturais e educacionais e, por último, pero non en último lugar, no xerme a partir do cal se desenvolva nos alumnos o gusto pola lectura. Todo iso viuse interrompido pola pandemia, pero agardamos que neste vindeiro curso poidamos utilizar a biblioteca a pleno rendemento.

En canto á xestión dos fondos, estamos a empregar o programa MEIGA, e seguimos as normas da CDU, adaptándoas á situación concreta da biblioteca. Con todo, este ano está prevista a migración ao novo sistema KOHA, que agardamos que estea totalmente operativo no curso 2022-2023.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

Os obxectivos principais neste apartado son os seguintes:

- Participar na renovación do Proxecto lector do Centro.
- Continuar co Club de Lectura Bibliotero, que comezou o curso 2007-2008.
- Convocar, como xa vén sendo tradición cada ano, un concurso literario/artístico para o alumnado e o profesorado, promovendo as distintas linguas que se estudan no centro, que este ano podería versar sobre lectura en voz alta (parte literaria) e creación dunha mascota da biblioteca (parte artística).
- Realizar actividades de fomento da lectura como medio de entretemento e información, principalmente recomendacións de libros por parte do alumnado voluntario e do profesorado a través da nosa conta de Instagram (booktrailers).

- Realizar de xeito dixital ou telemático actividades relacionadas con diversas efemérides (Día das bibliotecas, Día da Paz, Día contra a Violencia de Xénero, San Valentín, Día da Muller, Día das Letras Galegas, Día do Libro, etc.) como recomendacións de lectura, artigos sobre autores, premios literarios, aniversarios, conmemoracións, etc.
- Levar a cabo sesións informativas no comezo do curso, especialmente co alumnado de nova incorporación, para explicarlles o funcionamento da biblioteca e os recursos que teñen á súa disposición nela. Tamén se informará da existencia da figura do alumnado voluntario de biblioteca e das súas competencias.
- Realizar unha sesión de acollida do alumnado de 6º de primaria dos colexios adscritos, cunha visita especial á biblioteca.
- Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos (bibliotecas públicas, antenas de información xuvenil do Concello, etc.)
- Colaborar cos departamentos para a realización de actividades conxuntas en relación cos Proxectos de Centro ou cos contidos/efemérides/concursos concretos, entre eles os novos proxectos competenciais de 1º e 3ºESO. Contamos con que o proxecto de 1ºESO verse sobre o desenvolvemento sustentable e os hábitos de vida saudables e o de 3ºESO sobre teatro, coa participación de diversos departamentos. Tentaremos colaborar ofrecendo asesoramento e recursos informativos/lecturas.
- Continuar coa colaboración no proxecto “MÁIS POLA IGUALDADE”, iniciado no curso 2017-2018 coa adquisición de fondos sobre ese tema e a realización de actividades en prol das reivindicacións pola igualdade real entre homes e mulleres.
- A través da zona de xogos, tentaremos desenvolver as competencias básicas e os coñecementos de cultura xeral do noso alumnado con actividades lúdicas e xogos, ademais de co xadrez co que xa contabamos, incorporando novos xogos tipo Scattergories, Pasapalabra ou Trivial, estes últimos nas súas edicións junior.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL E DIXITAL

En canto á información e a formación de usuarios, realizaremos unha visita inicial á biblioteca no mes de outubro co alumnado de 1ºESO, para informar das novidades, do funcionamento e do proxecto da biblioteca para este curso 2022-2023. Incidiremos no sistema de auto empréstito, na figura do alumnado voluntario de biblioteca e nas normas de uso e funcionamento para poder adquirir a competencia informacional e dixital.

Ademais, a biblioteca debe ser un espazo dinámico que combine o material existente coas novas tecnoloxías. Para iso neste vindeiro curso contamos con promocionar entre todo o alumnado a plataforma BEGA-ELBE, que xa empezamos a empregar este curso pasado cun grupo escollido de alumnos e profesores. Cremos conveniente amosar ao noso alumnado como utilizar os avances tecnolóxicos vinculados co mundo da lectura.

Así mesmo, a biblioteca potenciará a formación de usuarios e o uso das TICS. O curso 2022-2023 incidirase na actualización e dinamización da conta de Instagram a través da participación dos discentes: alumnado voluntario da biblioteca e alumnado do instituto. Aproveitaremos a conta de

Instagram para promover lecturas recomendadas por docentes, alumnos e alumnas mediante booktrailers e tamén para dar visibilidade ás demais actividades de dinamización da biblioteca (concursos, exposicións, etc.).

Por último, temos a intención de mellorar a nosa oferta formativa en competencia dixital, xa que vimos notando unha falta de coñecementos básicos entre algúns alumnos/as á hora de entregar traballos mediante este formato. Para iso, contamos con coordinarnos co profesorado que imparta as novas materias de Tecnoloxía e dixitalización (1ºESO) e Educación dixital (3ºESO).

Cómpre ter en conta que no vindeiro curso desaparece a materia de Investigación e Tratamento da Información, que no noso centro viña impartíndose en 1ºESO. Co cambio de lei deixará de existir e, xa que logo, é a nosa intención paliar esa perda coa creación dun banco de recursos informativos cun apartado propio na nosa sección na web do centro, para que o noso alumnado dispoña de directrices, estratexias e consellos para mellorar a súa competencia de uso de diferentes medios, tratamento da información e produción de textos en distintos formatos.

3.1. VOLUNTARIADO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Durante este curso 2022-2023 queremos contar de novo cun grupo de alumnos voluntarios da biblioteca, que apoie ao equipo da biblioteca nas tarefas relativas á xestión e á dinamización. O tempo dedicado a este labor contabilizarase a través dun rexistro de horas e de actividades realizadas. Este tempo de voluntariado seralles recoñecido mediante a emisión de certificados de acción voluntaria. Para poder optar a este certificado deberán realizarse un mínimo de 15 horas anuais. O alumnado voluntario deberá asinar un compromiso xunto co responsable da biblioteca escolar, que poderá ser revocado sempre que se avise en tempo e forma. Por seren alumnos menores de idade, os pais/nais deberán ser informados e asinar unha autorización.

3.1.1. Obxectivos

- Favorecer a formación de actitudes de colaboración no ámbito cultural entre o noso alumnado.
- Implicar ao alumnado na dinamización da biblioteca escolar e nas actividades de fomento da lectura.
- Educar ao alumnado na solidariedade, fomentando a axuda entre iguais.
- Tarefas dos coordinadores.
- Formar e coordinar o grupo de voluntarios, distribuíndo as tarefas e/ou actividades a realizar e establecendo un calendario de participación.
- Facilitar unha formación básica do alumnado voluntario para que poidan levar a cabo as tarefas encomendadas.
- Supervisar o traballo do alumnado voluntario durante o curso escolar.
- Levar conta das horas e das actividades realizadas a través dun rexistro que sirva para certificar posteriormente o labor dos voluntarios.
- Xestionar os contidos que se publican nas redes sociais da biblioteca nas que colaboran os voluntarios.

3.1.2. Tarefas dos voluntarios

- Axudar aos compañeiros a atopar o libro que buscan nos andeis da biblioteca.

- Consultar no catálogo.
- Axudar a etiquetar os fondos.
- Ensinar aos usuarios da biblioteca a utilizar o ordenador de autoempréstito.
- Axudar na colocación dos libros devoltos.
- Axudar na colocación de exposicións temáticas periódicas.
- Aportar ideas para a compra de novo material.
- Participar activamente nas redes sociais da biblioteca (fomento da lectura, exposicións, conmemoracións, concursos, etc.).

3.1.3. Avaliación

Ao final de curso tanto o alumnado participante como o equipo da biblioteca realizarán unha reunión para amosar o seu grao de satisfacción co programa. Así mesmo, poderán facer as propostas de mellora que consideren convenientes para introducilas nos vindeiros cursos.

4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

4.1. REDES SOCIAIS: conta de Instagram (@iesotercorunabiblioteca)

Pretendemos dinamizar e actualizar especialmente a conta de Instagram (máis acorde co gusto do alumnado), pero desde outra perspectiva, incidindo na figura do alumnado voluntario de biblioteca, e, por ende, de todos os discentes. O alumnado voluntario fará recomendacións de lecturas (booktrailers), así como incitará ao resto dos discentes a estar informados en diversos ámbitos. Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de Lectura Bibliotero e informarse puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa. Non só se pretende que sexa mostra do que se fai, senón que sirva para interactuar e formular novas dinámicas coas familias e discentes, xerar opinións e novas liñas de actuación.

4.2. CLUB DE LECTURA

Continuaremos co Club de Lectura Bibliotero, facendo propostas motivadoras de lectura mensualmente ao alumnado. As reunións faranse nos recreos na biblioteca e, dependendo do número de integrantes, pódese escindir en varios subgrupos para perfilar mellor os intereses dos alumnos. Tentaremos crear un subgrupo dedicado á lectura de banda deseñada e manga, que tanto demandan os rapaces.

Así mesmo, este vindeiro curso, contamos con recuperar algunha actividade extraescolar, por exemplo, un roteiro literario pola Coruña, tras a lectura dalgún conto de Emilia Pardo Bazán, autora que valoramos escoller para as lecturas de novembro ou marzo, que coinciden coa conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres e co día Internacional da Muller, respectivamente.

4.3. ITINERARIOS LECTORES

Desexamos tamén continuar coas actividades que mellor contribúen a espertar o interese pola lectura e que viñamos realizando antes da pandemia, como os encontros con escritores, que xa retomamos neste curso. Así mesmo, desexamos recuperar os roteiros literarios que viñamos

realizando en colaboración co departamento de Lingua Galega (sobre Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal), ademais de seguir coas dramatizacións de textos en datas sinaladas (día de Rosalía, día da poesía, día do teatro, día do libro, día das Letras Galegas). Finalmente, en colaboración con outros departamentos, desexamos contribuír a levar a escena unha peza de teatro, que será o eixo do Proxecto Competencial previsto para 3ºESO, que en principio será “O achado do castro”, de Manuel Núñez Singala.

5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

No curso pasado adquirimos diverso material tanto literario como divulgativo para o alumnado con NEE e para o profesorado e/ou alumnado que desexe informarse sobre temas de diversidade. Contamos con seguir nesta liña nos vindeiros cursos.

Ademais, no centro existe alumnado de diversa procedencia social. O uso preferente de ordenadores para realizar traballos e a prioridade de empréstimo nos libros de lectura obrigatoria ten en conta esta realidade, posto que a biblioteca debe ser un elemento de nivelación social, favorecendo a aqueles alumnos que precisan máis recursos e que non teñen a oportunidade de acceder a eles fóra do centro.

Temos tamén alumnado que procede de diversos países, que ademais das clases de apoio esixe unha biblioteca con materiais actualizados e adaptados ás súas necesidades, como dicionarios visuais en varias linguas, métodos de aprendizaxe do español como lingua estranxeira, libros bilingües en español e outras linguas de orixe (árabe, chinés, rumano, ruso, etc.) e lecturas adaptadas aos distintos niveis do cadro europeo das linguas, para favorecer a adquisición dos idiomas vehiculares.

Especial atención presta a biblioteca ao alumnado hipoacúsico, que adoita ter intérprete nas aulas e reforzo, e que conta na biblioteca con algúns libros específicos e materiais en lingua de signos.

6. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Dado o pouco espazo do que dispoñemos, deberemos seguir co labor de expurgo de fondos, centrado naqueles materiais que estean deteriorados ou que teñan pouca ou ningunha demanda e naqueles materiais que pola súa complexidade conviría ter nos departamentos para consulta do profesorado e non na biblioteca. Para o vindeiro curso contamos con comezar o expurgo de fondos audiovisuais (DVD, VHS, CD).
- Recoñecer o labor do alumnado voluntario de biblioteca con agasallos.
- Grazas á caixa de suxestións, elaborar unha relación dos materiais solicitados polo alumnado e polos departamentos para actualizar os fondos e fomentar o hábito lector.
- Fomentar a utilización da plataforma BEGA-ELBE, así como outros servizos como GalizaLe, para dalos a coñecer entre o alumnado e que adquiran competencia no seu manexo. De feito, en diversas plataformas existen moitos clásicos da literatura gratuítos, que poderían descargar no seu móbil ou tableta. Consideramos que este soporte

resultaría máis atractivo para o alumnado, contribuíndo a aumentar o seu gusto pola lectura.

- No que respecta ao mobiliario, necesitamos mercar novos sofás e cadeiras para restaurar a zona de lecer e xogos, da que prescindimos nestes últimos anos por mor da situación sanitaria.
- Elaborar materiais de exposicións e materiais audiovisuais para o Instagram, en colaboración cos departamentos para as conmemoracións e celebracións que se realizan na biblioteca e/ou noutras actividades complementarias.
- A través do noso apartado na Aula Virtual do centro, realizar enquisas de satisfacción das que poidamos tirar conclusións para facer propostas de mellora en vindeiros cursos. Así mesmo, favorecerase a divulgación de calquera material elaborado pola biblioteca.
- Continuar coa dixitalización dos fondos dos departamentos, propoñendo na CCP a elaboración dun inventario común.

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo de todo o curso, mediante enquisas ou cuestionarios específicos colgados na nosa sección da Aula Virtual, tanto o alumnado como o profesorado poderán avaliar o funcionamento da biblioteca e as diferentes actividades que se propoñen, así como o seu hábito lector e a aplicación do Proxecto Lector do centro. Despois analizaremos os resultados desas enquisas para tirar conclusións que nos sirvan para valorar as actividades levadas a cabo e para facer propostas de mellora axustadas ás nosas necesidades. Fixarémonos nos seguintes indicadores:

- Valoración do uso dos fondos documentais da biblioteca.
- Análise e valoración dos resultados do Plan Anual de Lectura e do Proxecto Lector.
- Valoración da cantidade e calidade dos fondos documentais, en relación coa súa utilidade e adecuación dos temas aos intereses do alumnado.
- Avaliación das actividades de animación á lectura, tendo en conta o nivel de participación nas mesmas e comprobando se resultaron atractivas, motivadoras e didácticas.
- Valoración do nivel de participación do alumnado (e da comunidade educativa en xeral) nas actividades deseñadas e promovidas pola Biblioteca.
- Valoración por parte dos departamentos das actuacións desenvolvidas desde a Biblioteca.

8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE-DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

No curso 2022-2023 o coordinador da biblioteca será Ana Campos Rey.

Equipo de Biblioteca e horario previsto:

- Berná Pérez, Juan.
- Del Río Aguirre, Beatriz: dinamizadora da conta de Instagram.
- Vega Madroño, Fe.

Anexo VIII: Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar (curso 2022-2023)

IES Ramón Otero Pedrayo (A Coruña)

Este equipo abrangue profesorado de diferentes materias para conseguir unha perspectiva máis ampla nas actividades desenvolvidas.

TOTAL DE HORAS: este ano foron 7 horas de garda totais, incluíndo as gardas de recreo.

Como xa sinalamos o curso pasado, consideramos necesario consolidar un equipo de biblioteca estable no medio prazo e que non sexa resultado unicamente da dispoñibilidade horaria. Se fora posible manter a estabilidade sería máis doado realizar actividades de formación específica. Ademais, cómpre que os membros do equipo dispoñan de máis horas dedicadas exclusivamente ao labor na biblioteca, xa que con poucas horas de traballo só saen adiante as tarefas máis urxentes.

Visto e Prace:

O director

A coordinadora